



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 6
5 de abril de 2024



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

I 603 (12/PPL-000001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de creación da empresa pública de enerxía renovable de Galicia

[419](#)

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

I 558 (12/PPLC-000001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei para impulsar que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica e líder en renovables garanta o seu desenvolvemento social e económico

[440](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

I 408 (12/PNP-000001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de profundar nun modelo silvícola baseado no aproveitamento e na expansión das masas de frondosas autóctonas

[457](#)

I 411 (12/PNP-000002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que requira de todas as deputacións provinciais galegas a colaboración decidida en materia de loita contra os incendios forestais

[460](#)

I 413 (12/PNP-000003)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que este teña en conta as alegacións presentadas ante as resolucións da Secretaría Xeral de Pesca en relación cos recortes de cotas nas pesqueiras do abadexo e da raia

[464](#)



I 415 (12/PNP-000004)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa situación política e social no actual réxime de Nicolás Maduro en Venezuela [466](#)

I 417 (12/PNP-000005)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 8 máis**

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central, así como as que debe poñer en marcha xunto coa Deputación de Ourense, para mellorar o apoio económico á optimización do regadío na Limia [470](#)

I 419 (12/PNP-000006)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que xestione ante a Comisión Europea a eliminación dos totais admisibles de capturas en caladoiros comunitarios verbo das especies accesorias das que non existen informes científicos concluíntes sobre o seu estado real [473](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 409 (12/PNC-000001)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 8 máis**

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de profundar nun modelo silvícola baseado no aproveitamento e na expansión das masas de frondosas autóctonas [475](#)

I 410 (12/PNC-000002)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 8 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que requira de todas as deputacións provinciais galegas a colaboración decidida en materia de loita contra os incendios forestais [478](#)

I 412 (12/PNC-000003)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que este teña en conta as alegacións presentadas ante as resolucións da Secretaría Xeral de Pesca en relación cos recortes de cotas nas pesqueiras do abadexo e da raia [482](#)

I 414 (12/PNC-000004)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 8 máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa situación política e social no actual réxime de Nicolás Maduro en Venezuela [484](#)

I 416 (12/PNC-000005)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central, así como as que debe poñer en marcha xunto coa Deputación de Ourense, para mellorar o apoio económico á optimización do regadío na Limia [488](#)

I 418 (12/PNC-000006)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que xestione ante a Comisión Europea a eliminación dos totais admisibles de capturas en caladoiros comunitarios verbo das especies accesorias das que non existen informes científicos concluíntes sobre o seu estado real [491](#)

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.8. Información sobre préstamos e avais do Instituto Galego de Promoción Económica

Admisión a trámite, traslado a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación

I 481 (12/IIGA-000001)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Información do Instituto Galego de Promoción Económica sobre a situación das operacións de crédito e préstamo vixentes en 31 de decembro de 2023 e dos avais correspondentes ao mesmo período [493](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite e publicación

I 405 (12/POP-000001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre o balance das axudas para a creación de superficies forestais como política de fomento da biodiversidade, da descarbonización e da multifuncionalidade do monte [502](#)

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 406 (12/POC-000001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre o balance das axudas para a creación de superficies forestais como política de fomento da biodiversidade, da descarbonización e da multifuncionalidade do monte [505](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

■ Sesión plenaria (día 9 de abril de 2024, ás 9.30 horas)

[418](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 603 (12/PPL-000001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de creación da empresa pública de enerxía renovable de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de creación da empresa pública de enerxía renovable de Galicia.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 558 (12/PPLC-000001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei para impulsar que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica e líder en renovables garanta o seu desenvolvemento social e económico

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:



1º. Admitir a trámite a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, para impulsar que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica e líder en renovables garanta o seu desenvolvemento social e económico.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de abril de 2024, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 408 (12/PNP-000001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de profundar nun modelo silvícola baseado no aproveitamento e na expansión das masas de frondosas autóctonas

- 411 (12/PNP-000002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que requira de todas as deputacións provinciais galegas a colaboración decidida en materia de loita contra os incendios forestais

- 413 (12/PNP-000003)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que este teña en conta as alegacións presentadas ante as resolucións da Secretaría Xeral de Pesca en relación cos recortes de cotas nas pesqueiras do abadexo e da raia

- 415 (12/PNP-000004)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis



Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa situación política e social no actual réxime de Nicolás Maduro en Venezuela

- 417 (12/PNP-000005)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central, así como as que debe poñer en marcha xunto coa Deputación de Ourense, para mellorar o apoio económico á optimización do regadío na Limia

- 419 (12/PNP-000006)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que xestione ante a Comisión Europea a eliminación dos totais admisibles de capturas en caladoiros comunitarios verbo das especies accesorias das que non existen informes científicos concluíntes sobre o seu estado real

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 409 (12/PNC-000001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de profundar nun modelo silvícola baseado no aproveitamento e na expansión das masas de frondosas autóctonas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 410 (12/PNC-000002)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que requira de todas as deputacións provinciais galegas a colaboración decidida en materia de loita contra os incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 412 (12/PNC-000003)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que este teña en conta as alegacións presentadas ante as resolucións da Secretaría Xeral de Pesca en relación cos recortes de cotas nas pesqueiras do abadexo e da raia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 414 (12/PNC-000004)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis



Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa situación política e social no actual réxime de Nicolás Maduro en Venezuela

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 416 (12/PNC-000005)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central, así como as que debe poñer en marcha xunto coa Deputación de Ourense, para mellorar o apoio económico á optimización do regadío na Limia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 418 (12/PNC-000006)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que xestione ante a Comisión Europea a eliminación dos totais admisibles de capturas en caladoiros comunitarios verbo das especies accesorias das que non existen informes científicos concluíntes sobre o seu estado real

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.8. Información sobre préstamos e avais do Instituto Galego de Promoción Económica

Admisión a trámite, traslado a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación

- 481 (12/IIGA-000001)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Información do Instituto Galego de Promoción Económica sobre a situación das operacións de crédito e préstamo vixentes en 31 de decembro de 2023 e dos avais correspondentes ao mesmo período

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite e publicación

- 405 (12/POP-000001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre o balance das axudas para a creación de superficies forestais como política de fomento da biodiversidade, da descarbonización e da multifuncionalidade do monte



1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 406 (12/POC-000001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre o balance das axudas para a creación de superficies forestais como política de fomento da biodiversidade, da descarbonización e da multifuncionalidade do monte

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 9 de abril de 2024, ás 9.30 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 9 de abril de 2024, ás 9.30 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 4 de abril de 2024, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de creación da empresa pública de enerxía renovable de Galiza**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enerxía é un elemento estratéxico e esencial para a actividade económica e social dos pobos. Trátase, ademais, dun ámbito no que Galiza é líder polo seu papel produtor e polo seu liderado renovable con base aos seus extraordinarios recursos naturais. É, polo tanto, un ámbito onde o papel da administración pública galega debe ser central, pola súa responsabilidade á hora empregar o autogoberno do que nos temos dotado para o ordenar, fiscalizar, planificar e dirixir.

Hoxe o mundo, e polo tanto tamén Galiza, atópase nun momento de cambios profundos para responder a crise climática e enerxética. O mundo está inmerso na súa primeira crise enerxética global, un choque dunha amplitude e complexidade sen precedentes que se veñen agudizando con conflitos bélicos que puxeron de manifesto as complexidades das cadeas de subministración globais, tamén no ámbito enerxético e os intereses polo control dos recursos. A este contexto, engádesse a previsión cada vez máis próxima do esgotamento dos combustíbeis fósiles, a aceleración das consecuencias do cambio climático e a concatenación crises económicas cíclicas nas que se verifican a susceptibilidade de sectores económicos e bens esenciais a decisións especulativas que escapan ao control público, como é o caso do ámbito enerxético. Estes elementos obrigan á sociedade e aos seus goberno as repensar o seu modelo económico e enerxético.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunto ás medidas a curto prazo, moitos gobernos están a adoptar medidas a longo prazo: algúns céntranse en aumentar ou diversificar o abastecemento de petróleo e gas, e moitos buscan acelerar o cambio estrutural. Este cambio estrutural diríxese cara un escenario de emisións netas cero para 2050 (NZE) e traza o camiño a seguir para lograr a estabilización do aumento da temperatura global en 1,5 °C e o acceso universal á electricidade e aos sistemas enerxéticos modernos para 2030. Nos debates sobre o cambio de modelo enerxético está tamén a recuperación do impulso e da participación pública dun sector que foi progresivamente privatizado no Estado español, mais sobre o que existen diferentes modelos de participación pública ao longo do mundo.

Este novo escenario é un momento de transformacións que vai mudar todo, o cambio na xeración e no consumo de enerxía será equiparable ao que supuxo para o mundo procesos como a revolución industrial. Isto representa para Galiza retos, ameazas e tamén oportunidades.

Nun contexto mundial de transición enerxética, Galiza ten unha posición estratéxica por dous motivos. Por unha banda, foinos adxudicado desde hai décadas un papel produtor e estamos xa especializados na xeración de enerxía eléctrica de diferentes fontes, renovables e non renovables. Por outra banda, temos un recurso renovable moi potente, principalmente a través do vento, das horas de sol e da auga.

Collendo os datos máis recentes de Rede Eléctrica de España, no ano 2023 Galiza produciu 23.344 GWh e exportou o 44,46 % da electricidade xerada. Galiza está especializada en producir e cada ano hai un volume moi importante de produción que vai para outros puntos do Estado.

Ademais, do total producido, 14.525GWh foron de orixe renovable, o 77,05% do total do mix. Isto colócanos entre as cinco comunidades do Estado que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis renovables xeraron. Ademais, canto á potencia de xeración, o 70,6% é renovable, isto colócanos como a quinta comunidade con maior cota de tecnoloxías verdes no seu parque de xeración, coa eólica liderando co 35,5% do total.

Hoxe en día hai un problema democrático porque o feito de que decidan por nós desde ámbitos coma o Estado e que a transición enerxética dependa dos *lobby* enerxéticos fan que non se decida pensando no benestar dos galegos e galegas nin na preservación do medio ambiente. Detrás da transición enerxética hai tamén un gran negocio que explica o momento de aceleración que vivimos. É o que chamamos capitalismo verde. As mesmas grandes empresas que atrasaron as medidas que agora hai que tomar son as que lideran o negocio da descarbonización.

A día de hoxe, por intereses empresariais e territoriais, todo o debate está centrado na ampliación da capacidade de xeración, cun enfoque extractivista e produtivista. Estase a deixar fóra a necesidade de que a transición enerxética implique debates e propostas noutros ámbitos, non se trata só de abandonar o carbón senón de transformar profundamente, é unha cuestión de país: económica, ecolóxico-ambiental, territorial e social ao mesmo tempo.

Existe un risco evidente, que é danar os recursos e a biodiversidade sen posibilidade de volver atrás. Ao mesmo tempo, todo o que se fai mal supón perder tempo e recursos humanos, hipotecando as futuras xeracións e repetindo os erros que se cometeron no século XX coa implantación hidráulica. Por iso, é clave que a administración galega exerza un papel de intervención e liderado para defender os intereses colectivos.

No modelo actual, as rendas xeradas pola produción e transformación de enerxía non se reteñen no noso país, nin en materia impositiva, nin deixando unha parte do beneficio, nin abaratando a nosa factura nin xerando postos de traballo. A





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maiores, estamos nun momento no que vivimos unha crise importante de recursos materiais e no que a transformación dixital require da extracción de diferentes minerais. Isto fai que Galiza sexa albo tamén dese tipo de recursos e de que con este modelo depredador e colonial se agraven as desigualdades sociais e territoriais.

O horizonte económico e social é máis electrificado e máis dixitalizado. Nese sentido Galiza ten a oportunidade de tomar o protagonismo que lle é de seu, de ter un modelo propio co que ser referente no Estado, en Europa e no mundo. Galiza debe construír o seu propio modelo

Galiza está na obriga de liderar unha nova etapa de transformación que aposte polo control social e público do sector enerxético, como sector estratéxico, para garantir que o acceso á enerxía sexa un dereito esencial e revertan os beneficios no noso país a tempo que avanzamos no aforro enerxético, na xeración descentralizada e distribuída e na democratización da enerxía a través da creación dunha empresa pública galega da enerxía que lidere os retos do novo modelo enerxético da Galiza do futuro.

A participación pública no sector enerxético vén sendo unha constante a nivel internacional. De feito, segundo o documento da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) “As empresas estatais e a transición baixa en carbono”, a propiedade estatal prevalece en todo o sector enerxético. Os gobernos seguen sendo os propietarios maioritarios dos activos de produción. As empresas estatais tamén seguen a ser importantes no sector eléctrico, mesmo en varios países da OCDE. Empresas estatais representaban arredor do 61% da capacidade eléctrica global total instalada en 2016 e preto do 52% da capacidade actualmente prevista ou en construción.



Os motivos da propiedade estatal varían entre os países. Nas economías en desenvolvemento onde unha parte importante da poboación aínda non ten acceso á electricidade, o desenvolvemento interno pode ser un factor clave. Os gobernos tamén poden utilizar as empresas como medio para controlar as cadeas de subministración de enerxía estratéxicamente sensibles e as empresas enerxéticas estatais poden proporcionar importantes ingresos públicos.

Dentro do Estado español son moitos os exemplos da participación pública en desenvolvementos empresarias relacionados coa enerxía, se ben os modelos difiren en canto a autonomía, existen casos de éxito dignos de mención como pode ser a do goberno vasco, no que participa activamente en máis de vinte empresas no eido da enerxía. Tamén é salientable o caso catalán, onde contan cunha empresa pública que desenvolve proxectos de xeración e comercialización de enerxía eléctrica de orixe renovable.

Recentemente, o propio Consello Económico e Social de Galicia (CES) abordou nun dos seus documentos a posibilidade de crear ou potenciar as entidades existentes como a Axencia Pública para promover e participar societariamente en proxectos enerxéticos estratéxicos, xunto co sector privado, co obxectivo de obter o subministro enerxético para as empresas tractoras da economía galega.

O actual Estatuto de Autonomía de Galiza contempla esta posibilidade nas competencias exclusivas establecidas no seu artigo 30, no apartado 30.1, de “Fomento e planificación da actividade económica en Galiza”, así como no artigo 55.2 onde se establece que “A Comunidade Autónoma poderá constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que sexan da súa competencia”.

Con este proxecto de lei dótase a Galiza dun novo instrumento económico que permitirá impulsar unha transformación profunda no sector enerxético galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, contribuírase positivamente a reordenar o propio sector enerxético galego na dirección de incrementar o seu compromiso coa economía produtiva.

A través da aplicación desta lei serán fomentados os investimentos produtivos nos ámbitos relacionados coa sostibilidade ambiental, a eficiencia enerxética, a transición dixital, a innovación, a cohesión territorial e o desenvolvemento do capital humano e social. O desenvolvemento de estudos será un elemento tamén clave, na aposta polo coñecemento na resposta aos retos da crise climática.

Así a empresa pública galega da enerxía terá entre os seus principais obxectivos participar activamente no desenrolo de proxectos de xeración de enerxía renovable, priorizando a sostibilidade ambiental, cultural e paisaxística. Tamén tomará parte dos proxectos de distribución eléctrica asociados a estes proxectos ou a outros existentes a fin de crear unha rede de distribución pública galega.

Esta nova ferramenta comercializará enerxía renovable incrementando a protección de colectivos vulnerábeis. Asemade, contribuirá a avanzar na innovación e no valor engadido ao impulsar proxectos de almacenamento enerxético en calquera das súas formas, así como sistemas de recarga de vehículo eléctrico, hidrolíneiras e calquera outro sistema de aprovisionamento enerxético para as novas formas de mobilidade.

No marco da recuperación para o público dos elementos estratéxicos do ámbito enerxético, terá un especial polo de traballo na recuperación das concesións hidráulicas que cheguen ao fin da explotación concesional.

Así mesmo, neste contexto de transformación enerxética, a xeración distribuída será un obxectivo a cumprir, para o que a empresa poñerá especial





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empeño na distribución territorial dos proxectos de xeración de forma que se facilite un acceso máis seguro e de menos impacto á rede.

A democratización da enerxía a través das ferramentas dispoñibles legislativa e tecnicamente, como poden ser o autoconsumo e as comunidades enerxéticas, será outra das áreas de traballo da empresa pública galega.

Ademais, como elemento estratéxico para o país, esta empresa estará aberta á participación da administración local de Galiza, dando entrada a concellos na participación dos proxectos que se desenvolvan no seu territorio. Do mesmo xeito terá unha especial sensibilidade nas relacións e participación das comunidades de montes veciñais en man común, como axentes tractores de proxectos enerxéticos.

Finalmente, cómpre engadir que con esta iniciativa legislativa exerceuse a nosa capacidade de decisión nun momento transcendental para a historia de Galiza. Un momento no que os poderes públicos non poden permanecer alleos a unha transformación social na que a enerxía é a protagonista e na que é preciso fortalecer o papel das administracións públicas para garantir que o potencial enorme que ten o noso país e os seus recursos naturais revertan directamente no desenvolvemento social e económico e coloquen Galiza á vangarda da transformación enerxética.

A proposición de lei consta de cinco títulos, 22 artigos, sete disposicións adicionais e unha disposición final que arbitra a entrada en vigor.

Por todo o exposto, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formulamos a seguinte Proposición de lei de creación da empresa pública de enerxía renovable de Galiza:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Título I. Disposicións xerais

Capítulo I. Creación, denominación, duración e ámbito territorial

Artigo 1. Creación

Autorízase a creación da empresa pública de enerxía de Galiza, con carácter de sociedade mercantil de titularidade autonómica, e que estará adscrita á consellaría con competencias en materia de enerxía.

Artigo 2. Denominación

A empresa denomínase Empresa Pública de Enerxía Renovábel de Galiza.

Artigo 3. Ámbito territorial

A empresa pública desenvolve a súa actividade no territorio galego.

Artigo 4. Natureza e réxime xurídico.

1. A empresa pública de enerxía renovábel de Galiza é unha sociedade mercantil de titularidade autonómica segundo o previsto no título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Dispón de personalidade xurídica propia e diferenciada, con plena capacidade de obrar e autonomía de xestión, sen prexuízo da relación de tutela coa Administración da Comunidade Autónoma.

2. A sociedade réxese polos presentes Estatutos e pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sen prexuízo da aplicación, no seu caso, da Lei





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, disposicións tributarias, as leis de orzamentos da Xunta de Galicia, a Lei de contratos do sector público e o resto disposicións regulamentarias aplicables.

3. O réxime xurídico de contratación da empresa axustarase ao previsto na normativa reguladora de contratos do sector público.

4. A sociedade ten a consideración de medio propio da Administración da Xunta de Galiza e do seu sector público, sempre que se cumpran as condicións previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

5. Establécese a condición de medio propio personificado para a actividade de comercialización, venda e almacenamento de enerxía eléctrica xerada a través das instalacións de produción de electricidade mediante fontes de enerxías renovables.

Artigo 5. Duración e inicio da actividade

A duración da sociedade establécese por tempo indefinido, e o seu funcionamento comezará na data de outorgamento da escritura de constitución, agás as actividades suxeitas a autorización administrativa, que comezan desde o momento en que se concede a autorización.

Capítulo II. Capital social.

Artigo 6. Capital social e accións

O capital social da sociedade é de 50.000 euros (sesenta mil), representado por 1.000 (mil) accións. nominal, de 50 (sesenta) euros de valor nominal cada un, numerados correlativamente do 1 (u) ao 1.000 (mil), ambos inclusive, subscritos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desembolsados integramente pola Xunta de Galiza, os títulos dos cales poden ser únicos ou múltiples e deberán conter todos os requisitos legais e a sinatura dunha persoa administradora, e poden aproveitar o procedemento para sinaturas impresas e autenticadas legalmente.

O capital social poderá ser ampliado ou reducido de acordo coa lexislación e o normativa vixente.

Capítulo III. Obxecto e finalidade

Artigo 7. Obxecto

O obxecto da empresa pública de enerxía renovábel de Galiza é a promoción e execución de actuacións en materia de eficiencia, xestión e aforro enerxéticos, así como de enerxías renovables, a comercialización de enerxía de acordo coa normativa aplicable, a elaboración de estudos e análises sobre cambio climático e transición enerxética, loita contra a vulnerabilidade enerxética, así como intervención para impulsar a iniciativa pública enerxética en todos os ámbitos institucionais.

Artigo 8. Finalidade

1.A empresa realizará todo tipo de actividades, obras e servizos relacionados coa enerxía electricidade e con todo tipo de enerxías renovables, incluíndo as seguintes actividades:

- a) A produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables.
- b) A promoción, xestión, explotación, mantemento e comercialización das instalacións de xeración eléctrica mediante fontes de enerxía renovables, os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sistemas de almacenamento ou xestión de enerxía e os sistemas de carga de vehículos eléctricos.

c) A comercialización, venda e almacenamento da enerxía eléctrica de orixe renovable.

d) Promover e participar na creación de comunidades de enerxías renovables e comunidades enerxéticas cidadás.

e) Comercialización de enerxía renovable incrementando a protección de colectivos vulnerábeis.

e) Participación na titularidade ou financiamento de proxectos de xeración e almacenamento de enerxía renovable.

f) Participación na prestación de servizos de recarga de vehículos eléctricos e servizos de inxección de enerxía á rede de vehículos eléctricos.

g) A realización de estudos e investigacións relacionados coas enerxías e tecnoloxías renovables aplicable a esta actividade. Elaborar estudos e modelos predictivos e emitir informes técnicos sobre tecnoloxías e sistemas enerxéticos, hábitos de consumo enerxético, evolución do cambio climático e vulnerabilidade dos distintos sectores económicos, así como sobre o cumprimento dos obxectivos e medidas de plans de aforro ou despregue de enerxías e almacenamento renovable.

h) Impulsar accións e investimentos públicos e privados na absorción de dióxido de carbono, na conservación e mellora dos sumidoiros de carbono e na adaptación ao cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

i) A democratización da enerxía a través das ferramentas dispoñibles lexislativa e tecnicamente, como poden ser o autoconsumo e as comunidades enerxéticas.

2. No marco da recuperación para o público dos elementos estratéxicos do ámbito enerxético, terá un ámbito prioritario de traballo na recuperación das concesións hidráulicas que cheguen ao fin da explotación concesional.

3. A empresa pública estará aberta á participación da administración local de Galiza, dando entrada a concellos na participación dos proxectos que se desenvolvan no seu territorio. Do mesmo xeito terá unha especial sensibilidade nas relacións e participación das comunidades de montes veciñais en man común, como axentes tractores de proxectos enerxéticos.

Estas actividades poderán realizarse directa ou indirectamente a través da titularidade de accións ou participacións noutras sociedades con obxecto social semellante, e estarán suxeitas a en todo caso ás disposicións legais aplicables en cada momento, e, en particular, á normativa sobre separación das actividades reguladas.

4. Estas actividades realízanse co fin de garantir a xeración e subministración de enerxía, principalmente das instalacións e edificios da Xunta de Galiza, a través da xeración e subministración de enerxía de orixe renovable baixo criterios de interese xeral e interese público, e seguindo un modelo distribuído.

Título II. Órganos de goberno e participación

Capítulo I. Organización e órganos de goberno

Artigo 9. Órganos de goberno e administración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. O órgano de goberno da empresa pública de enerxía de Galiza é a Xunta Xeral de Accionistas.

2. O órgano de administración da empresa pública é o Consello de Administración.

3. Outros órganos de goberno

3.1. O presidente da empresa é a persoa que ostente a presidencia do Consello de Administración.

3.2. O director é o órgano executivo da entidade.

4. Velarase polo cumprimento da normativa sobre paridade entre homes e mulleres nos órganos de goberno e administración.

Artigo 10. Xunta Xeral de Accionistas

A Xunta Xeral de Accionistas é o órgano supremo de goberno da sociedade, dirixe a súa actividade, establece as directrices e adopta as decisións dirixidas ao cumprimento do obxecto social.

A Xunta Xeral de Accionistas réxese polo Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba el texto refundido de la Ley de Sociedades de Capital e polo previsto nos estatutos da empresa pública, que regularán a convocatoria das asembleas xerais ordinaria e extraordinaria, a asistencia, o quorum e todo o relacionado co seu funcionamento interno.

Artigo 11. Presidencia da Xunta Xeral de Accionistas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. A Presidencia da Xunta Xeral de Accionistas correspóndelle á persoa que ostente a Presidencia do Consello de Administración.

2. En ausencia da persoa que ostente a Presidencia da Consello de Administración, a Xunta Xeral de Accionistas designa a persoa que debe substituílo.

Artigo 12. Secretaría da Xunta Xeral de Accionistas

1. A secretaría da Xunta Xeral de Accionistas correspóndelle á persoa titular da Secretaría do Consello de Administración.

2. En ausencia da persoa titular da Secretaría do Consello de Administración, a Xunta Xeral de Accionistas designa a persoa que debe substituíla.

Artigo 13. Representación da Xunta de Galiza.

Exerce a representación a persoa titular do departamento con competencias en materia de enerxía.

Artigo 14. Consello de Administración

1. O Consello de Administración é o órgano que administra a sociedade, no marco das directrices da Xunta Xeral.

2. O Consello de Administración réxese pola Lei de Sociedades de Capital e pola presente lei.

3. O Consello de Administración está composto por un mínimo de cinco membros e un máximo de dez e deberá cumprir a normativa reguladora da paridade entre homes e mulleres.



4. Os estatutos da empresa pública regularán as funcións e atribucións da presidencia, a vicepresidencia e secretaría do Consello de Administración.

5. Os estatutos da empresa pública regularán as competencias do Consello de administración, as convocatorias, o desenvolvemento das xuntanzas e a adopción de acordos.

Capítulo II. Órganos consultivos e de participación

Artigo 15. Consello Asesor e Consultivo

O Consello de administración propondrá a constitución dun consello asesor e consultivo formado por persoas con coñecementos e experiencia contrastada en materia de enerxía. As normas básicas de xestión deste consello consultivo serán:

- a) Os membros do Consello Consultivo son propostos polo Consello de administración por un período de catro anos podendo ser reelixidos indefinidamente
- b) As súas funcións son as seguintes: elaborar informes a petición dos órganos de dirección da sociedade e asesorar e propor ao Consello de Administración as iniciativas encamiñadas ao desenvolvemento, mellora e consecución do seu obxecto social.
- c) O Consello Consultivo deberá reunirse en sesión ordinaria unha vez ao ano. Corresponde á convocatoria das reunións a Presidencia da sociedade e deberá conter a orde do día de todos os asuntos que se deban tratar na reunión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) Poderán asistir ás reunións do Consello Consultivo as persoas que o Consello de Administración e a Dirección consideren oportuno tendo en conta os temas que conformen a orde do día.

Título III. Sistema financeiro, patrimonio e defensa xurídica

Capítulo I. Exercicio fiscal e contas

Artigo 16. Contas anuais

O Consello de Administración está obrigado a elaborar as contas anuais nun prazo máximo de tres meses, contados desde o final do exercicio económico. Así mesmo, o Consello deberá elaborar anualmente toda a información orzamentaria e de contratación establecida pola normativa vixente.

Artigo 17. Exercicio fiscal

O exercicio fiscal coincide co ano natural e pecha cada ano o 31 de decembro. Excepcionalmente, o primeiro exercicio social comezará na data de outorgamento da escritura de constitución e rematará ao finalizar o ano.

Capítulo II. Inspección.

Artigo 18. Inspección

A empresa pública estará suxeita ao réxime de auditoría e contabilidade que lle sexa de aplicación de acordo coa lexislación vixente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Capítulo III. Patrimonio da sociedade

Artigo 19. Patrimonio

A empresa é titular das obras e instalacións que executa con medios propios, podendo recibir a atribución doutros bens ou dereitos por razón dos servizos que lle corresponde prestar. Levarase un inventario detallado de todos os bens e dereitos dos que a empresa sexa titular ou posúa a adscrición.

Capítulo IV. Réxime da asesoría e defensa xurídica

Artigo 20. Asesoramento xurídico

1. A asesoría xurídica da empresa pública correspóndelle, en primeiro lugar, ao persoal propio asignado a esta función na relación de postos de traballo, que poderá contar co apoio do servizo xurídico do departamento con competencias en materia de enerxía.

2. Non obstante, a secretaría xeral da consellería á que estea adscrita a entidade poderá solicitar á avogacía da Comunidade Autónoma a emisión dun informe xurídico nos casos de especial transcendencia, previo informe do servizo xurídico da consellería.

Título IV. Modificación, transformación, fusión, disolución e liquidación da sociedade

Capítulo I. Transformación e fusión

Artigo 21. Transformación e fusión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A transformación, fusión ou escisión da sociedade, así como a transmisión global de activos e pasivos e a súa aceptación, realizarase de acordo coa Lei de Sociedades de Capital e co que estea previsto nos estatutos da entidade.

Capítulo II. Disolución e liquidación

Artigo 22. Disolución e liquidación

A sociedade poderá disolverse por calquera das causas establecidas na lei e corresponde ao Consello de Goberno da Xunta de Galiza autorizar a súa disolución e liquidación.

As funcións de liquidación deberán ser desempeñadas polas persoas designadas pola Xunta Xeral.

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira. Aprobación dos Estatutos.

No prazo máximo de un ano aprobaranse os estatutos da empresa pública de enerxía renovable de Galiza.

Disposición adicional segunda. Recuperación das concesións hidroeléctricas unha vez rematado o seu período concesional.

1.A empresa pública de enerxía renovable de Galiza establecerá acordos cos organismos autonómicos con competencias na materia para a recuperación para o público e o aproveitamento enerxético das concesións hidroeléctricas unha vez rematado o período concesional.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Antes do seu aproveitamento hidroeléctrico elaborárase un estudo sobre a viabilidade e interese da supresión dos saltos hidroeléctricos.

Disposición adicional terceira. Creación da rede de oficinas de transición enerxética.

A empresa pública de enerxía de Galiza colaborará na creación da rede de oficinas comarcais de transición enerxética.

Disposición adicional cuarta. Creación da rede galega de comunidades enerxéticas.

A empresa pública de enerxía de Galiza incentivará e participará na posta en funcionamento da rede de comunidades enerxéticas e autoconsumo.

Disposición adicional quinta. Plan para a autosuficiencia enerxética dos equipamentos públicos.

1. No prazo máximo de un ano, a empresa pública elaborará e aprobará un plan para conseguir antes de 2030 a autosuficiencia enerxética con fontes de enerxía renovable, eléctrica e térmica, dos edificios e instalacións públicas da Xunta de Galiza.

2. Para acadar esta autosuficiencia a empresa pública xestionará os contratos de fornecemento eléctrico dos edificios e instalacións públicas da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Disposición adicional sexta. Plan de fomento da mobilidade eléctrica e dos biocombustibles.

No prazo máximo de un ano, a empresa pública elaborará e aprobará un plan cuadrienal para a electrificación dos medios de transporte da Xunta de Galiza e para o uso de biocombustibles.

Disposición adicional sétima. Participación da Xunta de Galiza en empresas enerxéticas.

A Xunta de Galiza transmitirá aqueles títulos de participación en empresas do sector enerxético á empresa pública de enerxía de Galiza.

1. Esta transmisión de títulos obrigará á empresa pública de enerxía de Galiza a subrogarse en dereitos e obrigas contraídos pola Xunta de Galicia nas empresas participadas.

2. A empresa pública de enerxía de Galiza nomeará aos novos representantes nos consellos de administración das empresas participadas, que deberan ser persoas pertencentes ao seu propio consello de administración.

Disposición final. Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI DE CREACIÓN DA EMPRESA PÚBLICA DE ENERXÍA RENOVABLE DE GALIZA

- Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981.
- Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2024 12:53:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei para impulsar que o papel de Galiza como produtora de enerxía eléctrica e líder en renovables garanta ao seu desenvolvemento social e económico**, para a súa elevación ao Congreso dos Deputados e Deputadas, consonte o artigo 87.2 da Constitución.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enerxía é un ámbito esencial e estratéxico para calquera sociedade pola súa relevancia na vida das persoas e no desenvolvemento económico e industrial. Máis aínda neste momento histórico, no que é preciso operar a nivel mundial unha gran transformación, na xeración e no consumo, que atenda a situación de emerxencia climática e acometa a descarbonización.

Neste necesario cambio de modelo, Galiza ten un papel clave polo seu papel produtor de enerxía e de liderado renovable. Isto constitúe un valor para poder garantir o desenvolvemento social e económico do noso país e evitar a repetición dos erros cometidos no século XX, cun modelo centralista e sen planificación que deixou un importante impacto medioambiental, social e económico sen a debida compensación. É preciso, polo tanto, impulsar unha nova etapa a través dunha nova planificación pública, ordenada, democrática, consensuada e xusta que faga que o papel produtor de Galiza favoreza a transformación económica e a xustiza social no marco dun novo modelo enerxético galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Historicamente Galiza sufriu o impacto da falta de soberanía política no ámbito enerxético. É preciso recordar que o deseño actual foi imposto cunha óptica centralista e con decisións irreversibles tomadas mesmo durante a ditadura franquista, como a implantación da maioría da gran hidráulica. A día de hoxe, estamos a ver como a falta de planificación e ordenación está a lastrar o desenvolvemento renovable e a supoñer unha gran contestación social, cada vez máis transversal, pola súa colisión con outras actividades económicas, cos dereitos de participación da cidadanía e con outros ámbitos estratéxicos para actuar ante a crise climática. Neste ámbito, un dos elementos que dificulta a planificación é a atribución ao goberno do Estado, sen ningún criterio técnico, das instalacións superiores a 50MW, xerando duplicidades e distorsións nos procedementos.

O necesario cambio do modelo enerxético supón riscos por mor de decisións que son tomadas de costas aos intereses galegos e para favorecer o lavado de cara verde de grandes intereses económicos. Mais tamén supón enormes oportunidades que, nun momento clave, deben ser aproveitadas para impulsar desde o goberno da Xunta un novo modelo enerxético galego baseado en garantir que a riqueza dos recursos naturais do noso país reverta no noso desenvolvemento económico e social ao tempo que se preserva a biodiversidade e o medio ambiente.

Neste contexto Galiza debe aproveitar o seu papel produtor. Segundo os datos que fixo públicos Rede Eléctrica Española (REE) a comezos de 2024, Galiza exportou o 42% da produción eléctrica do ano 2023. Isto incrementa en máis de seis puntos a exportación do ano anterior, o ano 2022, e constitúe a cifra de exportación máis elevada de toda a serie histórica desde o ano 2011, data na que Red Eléctrica de España comezou a dar a coñecer os datos. Ademais, consolídase





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o papel de liderado de enerxía renovable de Galiza, pois a enerxía producida con renovables representa o 75,3% do total da produción.

Diante do escenario que abren as necesidades sociais e económicas da necesaria transición enerxética, é necesario transformar as regras do sistema eléctrico de forma que estas se adecúen ás diferentes realidades territoriais, beneficiando a aquelas produtoras e líderes en renovables, e reforzar o papel de intervención na economía das administracións públicas.

Galiza ten dereito a definir de forma negociada, dialogada e transparente cal é o modelo enerxético da Galiza do futuro e que papel e peso deben ter as diferentes tecnoloxías, ademais de impulsar medidas que garantan que o papel produtor se corresponda cun impulso económico á industria e a proxectos de valor engadido que teñan un retorno que compense o impacto ambiental e socioeconómico deste rol. A xeración eléctrica leva aparellados elevados custos sociais e medioambientais que a lexislación debe compensar. Conforme a isto, nesta lei desenvólvese unha fixación do prezo asociada á situación de territorio excedentario ou deficitario, de xeito que nos territorios excedentarios este feito repercute positivamente mediante unha tarifa eléctrica máis reducida. Esta medida redundará no beneficio da sociedade en xeral e do desenvolvemento económico e industrial en particular, ao contribuír a sermos máis competitivos.

Coa perspectiva da necesaria transición ecolóxica, contéplanse medidas de impulso ás enerxías renovábeis para liderar a redución de gases contaminantes e avanzar nas cotas de produción das fontes de enerxía máis sostíbeis. Así mesmo, para garantir unha transición enerxética xustas, prevense medidas que permitan que as comarcas galegas que no seu día mantiveron operativas centrais térmicas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sexan compensadas pola discriminación que os gobernos centrais aplicaron no marco das axudas ao carbón e que se dea un impulso definitivo á convocatoria do concurso de transición xusta para As Pontes.

Galiza está a tempo de liderar unha nova etapa de transformacións que aposte polo control social e público do sector enerxético para garantir que o acceso á enerxía é un dereito esencial e deixa beneficios no noso país ao tempo que avanzamos no aforro enerxético, na xeración descentralizada e distribuída e na democratización da enerxía

Por todas estas razóns, a presente proposición de lei busca adecuar a política enerxética a estas premisas e a unha nova concepción da enerxía que facilite cambios no sistema económico e social, contribuíndo a que a produción eléctrica cumpra unha función elemental no desenvolvemento económico e na xeración de emprego e riqueza na Galiza.

Con base a estes principios e consideracións, esta proposición de lei conta cun único artigo, o artigo UN, que modifica diferentes aspectos da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

Así, o apartado Un modifica a exposición de motivos da citada lei reguladora do sector eléctrico de forma que se incorpora a definición do subministro de enerxía eléctrica como un servizo de carácter público, suprimíndose varios parágrafos referentes ao réxime especial (renovábeis, coxeración e residuos), que é onde teñen competencias as Comunidades Autónomas por ser unha inxerencia no autogoberno.

En coherencia co arriba afirmado, establécese no apartado 2 que o tratamento que debe recibir o subministro da enerxía eléctrica é o de servizo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carácter público, superando a redacción vixente no momento de redactar esta proposta na que se mantén unha óptica mercantilista deste ben esencial. Baixo o punto de vista de quen impulsa esta lei, o subministro de enerxía debe ser considerado como un ben de servizo público. Desta forma, o vindeiro marco legal do sector eléctrico debe ser superador non só do conceptualizado na lei de 2013, senón tamén da caracterización da Lei 54/1997, que o consideraba unicamente un servizo esencial.

O punto Tres establece de forma clara a participación das Comunidades Autónomas na regulación e o control das actividades destinadas ao subministro de enerxía eléctrica. Desta forma, búscase mellorar a norma vixente tendo en conta tanto o marco competencial existente como a necesidade de superar a recentralización imposta pola vía dos feitos por pare dos gobernos centrais en detrimento da capacidade decisoria das comunidades.

O punto Catro contribúe á organización dun novo marco para o desenvolvemento eólico e fotovoltaico, racionalizando a duplicidade administrativa existente e clarificando que a competencia debe ser das comunidades para harmonizar coa planificación e co desenvolvemento previo desta tecnoloxía así como coas distintas necesidades sociais, medioambientais e económicas que lle corresponden.

En coherencia co anterior, o punto Cinco busca dar cobertura, no marco da transición enerxética, á necesidade de establecer un Mapa de necesidades que dimensione a planificación de renovábeis e a descarbonización e que se harmonice coas planificacións que, desde o exercicio do autogoberno, se fagan nos diferentes territorios, singularmente aqueles que xa lideran a produción renovable..





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O apartado Seis suprimíense determinados custos do sistema eléctrico, pois neste momento histórico o risco de volatilidade no prezo da factura para as e os consumidores, a recuperación de recadación do Estado e a necesaria transformación do sistema eléctrico deben levar a unha racionalización dos conceptos incorporados á tarifa eléctrica e determinar de forma clara que cuestións deben ser directamente incorporadas aos Orzamentos Xerais do Estado da mesma forma que outros elementos pertencentes á política industrial.

O apartado Sete ten como obxectivo modificar o actual sistema de custos marxinais no sistema de oferta e demanda do mercado maiorista, introducindo modificacións cara un sistema de custos recoñecidos. Neste sentido, estableceranse custos diferenciados para cada tecnoloxía do sector eléctrico, da mesma forma que se recolle para as actividades de produción ás instalacións non peninsulares.

No apartado Oito introdúcese cambios conducentes a harmonizar o impulso das enerxías renovábeis.

O apartado Nove establece que o prezo da tarifa eléctrica nun territorio teña en conta a súa situación de territorio excedentario ou deficitario, de cara a, no caso de tratarse dun territorio excedentario, repercutir positivamente na tarifa dese territorio e asumir así algún beneficio en compensación das externalidades negativas que produce a xeración eléctrica.

Nos apartados Dez e Once ponse fin á posibilidade de que os impostos que poidan determinar as comunidades produtoras de electricidade poidan acabar repercutindo na factura final da electricidade. Esta medida é fundamental para evitar inxerencias no autogoberno fiscal e financeiro e para evitar que as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunidades produtoras sexan penalizadas, como aconteceu con Galiza respecto do ano 2013.

No apartado Doce inclúense aquelas modificacións que contribúen a adecuar o texto lexislativo dando prioridade de despacho ás instalacións de xeración que utilicen fontes de enerxía renovábeis, sen que permita esixir que iso só teña lugar “a igualdade de condicións económicas no mercado”.

No apartado Trece avánzase na protección social do acceso á enerxía determínase que será a Administración Xeral do Estado quen asuma o custo económico destas medidas.

O apartado Catorce incorpora unha nova Disposición Adicional, a vixésimo cuarta, onde se establece o procedemento para substituír o actual sistema de poxas de interrompibilidade por unha tarifa industrial que sexa predicíbel e estábel e superadora das eivas do Estatuto de Electrointesivas e das distorsións xeradas.

No apartado quince prevese a inclusión nos marcos reguladores para a transición enerxética os ámbitos xeográficos con instalacións xeradoras de electricidade que usan carbón importado, de forma que estes territorios afectados sexan compensados pola exclusión de plans de axudas anteriores e se poida corrixir así un agravio histórico.

Por último, o apartado dezaseis incorpora unha nova Disposición Transitoria, que contempla, ante a enorme preocupación social e a súa importancia económica e para a transición enerxética, a convocatoria inmediata e urxente da Mesa de Transición Xusta das Pontes para desbloquear a convocatoria do correspondente concurso de transición xusta dos 1400 MW de capacidade de evacuación que tiña asignada a Central Térmica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo único. Modificación da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

Un. Modificacións na Exposición de Motivos.

1. Modifícase a primeira frase do primeiro parágrafo da Exposición de motivos I., de forma que figure a seguinte redacción:

“O subministro de enerxía eléctrica constitúe un servizo público, pois...”
(continúa igual)

2. Suprímense os parágrafos 26, 27, 28 e 30 da exposición de motivos, II

Dous. No apartado 2. do artigo 2 propónse a seguinte redacción:

“O subministro de enerxía eléctrica constitúe un servizo público”.

Tres. No apartado 3. do artigo 2., propónse a seguinte modificación na redacción:

“3. Corresponde ao Goberno Central, ás Comunidades Autónomas e ás Administracións Públicas a regulación e o control das actividades destinadas ao subministro de enerxía eléctrica. Así mesmo, o operador do mercado e o operador do sistema terán as funcións que expresamente se lle atribúan”.

Catro. Engádesse un novo punto 13 bis ao punto 13 do Artigo 3, co seguinte texto:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“13 bis.- Quedan exceptuadas destas previsións as instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica e solar fotovoltaica, incluíndo as súas infraestruturas de evacuación, de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos, de cara a que as comunidades autónomas con competencia na materia poidan ter unha planificación integral do desenvolvemento desta tecnoloxía sen distorsións.”

Cinco. Engádesse un novo punto, o 5., ao artigo 4., quedando a súa redacción da seguinte forma:

“5. Sen prexuízo do previsto nos apartados anteriores, o Goberno aprobará un Mapa de necesidades enerxéticas en colaboración coas comunidades autónomas de cara a planificar a transición enerxética e o aproveitamento enerxético das fontes de enerxía renovábeis así como a eficiencia enerxética no sector eléctrico, co obxecto de planificar e garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos para o Estado Español nestas materias sen colidir coas competencias autonómicas que estean transferidas”.

Seis. No apartado 3., do artigo 13., suprímense as letras b), c), d), e), f), g) e h).

Sete. Modifícase a redacción da letra a) do punto 5. o artigo 14, quedando redactado da seguinte maneira:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“a) A enerxía eléctrica negociada a través dos mercados de contratación bilateral ou física ou a prazo que se retribuirá sobre a base do prezo das operacións contratadas en firme nos mencionados mercados.

Este concepto retributivo definirase considerando as perdas incorridas nas redes e os custos derivados das alteracións do réxime normal de funcionamento do sistema de ofertas”

Oito. Modifícase a redacción do punto 7. e 7 bis do artigo 14, quedando redactado da seguinte maneira:

“7. O Goberno poderá establecer un réxime retributivo específico para fomentar a produción a partir de fontes de enerxía renovábeis, coxeración de alta eficiencia e residuos, cando exista unha obrigação de cumprimento de obxectivos enerxéticos derivados de Directivas ou outra normas de Dereito da Unión Europea ou cando a súa introdución supoña unha redución do custo enerxético e da dependencia enerxética exterior.

Este réxime retributivo, adicional á retribución pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción, estará composto por un termo por unidade de potencia instalada, que cubra, cando cumpra, os custos de investimento dunha instalación tipo que non poden ser recuperados pola venda da enerxía e un termo á operación que cubra, no seu caso, a diferenza entre os custos de explotación e os ingresos pola participación no mercado de produción de devandita instalación tipo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o cálculo de dita retribución específica consideraranse, para unha instalación tipo, ao longo da súa vida útil regulatoria e en referencia á actividade realizada por unha empresa eficiente e ben xestionada:

- a) Os ingresos estándar pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción.
- b) Os custos estándar de explotación.
- c) O valor estándar do investimento inicial.

Como consecuencia das singulares características dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, poderán definirse excepcionalmente instalacións tipo específicas para cada un deles.

O réxime retributivo non excederá o nivel mínimo necesario para cubrir os custos que permitan competir ás instalacións en nivel de igualdade co resto de tecnoloxías no mercado e que posibiliten obter unha rendibilidade razoábel por referencia á instalación tipo en cada caso aplicábel. Esta rendibilidade razoábel virará, antes de impostos, sobre o rendemento medio no mercado secundario das Obrigacións do Estado a dez anos aplicando o diferencial adecuado. Excepcionalmente o réxime retributivo poderá incorporar ademais un incentivo ao investimento e á execución en prazo determinado cando a súa instalación supoña unha redución significativa dos custos nos sistemas dos territorios non peninsulares. Este réxime retributivo será compatíbel coa sustentabilidade económica do sistema eléctrico de acordo co disposto no artigo 13 e estará limitado, en todo caso, aos obxectivos de potencia que se establezan na planificación en materia de enerxías renovábeis e de aforro e eficiencia.



A enerxía eléctrica imputábel á utilización dun combustíbel nunha instalación de xeración que utilice como enerxía primaria algunha das enerxías renovábeis non consumíbeis non será obxecto de réxime retributivo específico, salvo no caso de instalacións híbridas entre fontes de enerxía renovábeis non consumíbeis e consumíbeis, nese caso a enerxía eléctrica imputábel á utilización da fonte de enerxía renovábel consumíbel si poderá ser obxecto de réxime retributivo específico.

A estes efectos, por orde da persoa Ministra competente en materia de Enerxía publicarase a metodoloxía para o cálculo da enerxía eléctrica imputábel aos combustíbeis utilizados”.

Nove. Modifícase a redacción do apartado 3. do artigo 16, que pasa a ter a seguinte redacción:

“As peaxes e cargos así calculados serán diferentes en cada Comunidade Autónoma en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas Comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción e, singularmente, aquelas que contribúan con maior intensidade á produción renovábel”.

Dez. Suprímese o apartado 4 do artigo 16 relativo aos suplementos territoriais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Once. Suprímese o apartado 6 do artigo 17 relativo aos suplementos territoriais.

Doce. Modificacións no artigo 26.

1. No apartado 1., engádese un segundo parágrafo co seguinte tenor literal:

“A utilización deste mecanismo será repercutida entre todas as tecnoloxías de produción do sector eléctrico, de forma proporcional á súa achega ao sistema, sen que poida penalizar exclusivamente a unha determinada tecnoloxía”.

2. Substitúese o establecido no apartado 2. polo seguinte parágrafo:

“2. A enerxía eléctrica procedente de instalacións que utilicen fontes de enerxía renovábel e, tras elas, a das instalacións de coxeración de alta eficiencia, terá prioridade de despacho, sen prexuízo dos requisitos relativos ao mantemento da fiabilidade e a seguridade do sistema, e con arranxo a criterios transparentes e non discriminatorios, nos termos que regulamentariamente se determinen polo Goberno”.

Trece. Modificacións no artigo 52.

1. Adición dunha nova letra l) o punto 4. redactada do seguinte xeito:

“l) Complementariamente ao punto anterior, nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente, aqueles subministros a consumidores acollidos a prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifas último recurso por falta de pago, se todos os membros da unidade familiar están en paro ou teñen ingresos máis baixos que o salario mínimo interprofesional”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. O último parágrafo do punto 4. queda redactado da seguinte maneira:

“Salvo no suposto previsto no parágrafo j) k) e l) as empresas distribuidoras ou comercializadoras poderán aplicar recargas ou afectar os pagos que perciban daqueles dos seus clientes que teñan subministros vinculados a servizos declarados como esenciais en situación de morosidade, ao abono das facturas correspondentes a devanditos servizos, con independencia da asignación que o cliente, público ou privado, atribuíse a estes pagos. A asunción dos custos derivados dos parágrafos anteriores serán asumidos pola Administración Xeral do Estado nos termos nos que se estipule regulamentariamente”.

Catorce. Adición da Disposición Adicional vixésimo cuarta.

No prazo de tres meses dende a aprobación da presente lei, o Goberno substituirá o actual sistema de poxas de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial que sexa estábel no tempo e con variacións predicíbeis para a subministración da industria electrointensiva, que se poderá acoller sempre e cando cumpran as seguintes condicións que serán desenvoltas mediante un decreto específico:

- a) Sobreparar un mínimo de consumo e de potencia contratada.
- b) Disponibilidade de interrupción do subministro de ser preciso como ferramenta de xestión da demanda para dar resposta rápida e eficiente ás necesidades do sistema eléctrico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- c) Obriga de realización de investimentos periódicos que garantan a viabilidade e modernización dos procesos produtivos, así como obriga de mantemento do emprego e do nivel adquisitivo dos cadros de persoal.
- d) Presentación dun Plan de Desenvolvemento Industrial por cada período de cinco anos, que será revisado anualmente polos mecanismos de seguimento que arbitre a administración.

As peaxes e cargos desta tarifa industrial serán diferentes en cada Comunidade Autónoma en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas Comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

Quince. Adición da Disposición Adicional vixésimo quinta.

Incluirase nos marcos reguladores para a transición enerxética xusta e o desenvolvemento sostíbel das comarcas mineiras aqueles ámbitos xeográficos con instalacións xeradoras de electricidade por medio do uso de carbón importado, de forma que estes territorios afectados polo cambio de modelo enerxético tamén se poidan beneficiar dos recursos económicos, sociais e de impulso industrial que se oferten e compensarase economicamente pola exclusión das medidas compensatorias habilitadas desde o ano 2011 das que foran excluídos estes territorios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dezaseis. Adición da Disposición Transitoria décimo oitava.

O goberno procederá á convocatoria inmediata e urxente da Mesa de Transición Xusta das Pontes para desbloquear a convocatoria do correspondente concurso de transición xusta dos 1400 MW de capacidade de evacuación que tiña asignada a Central Térmica.

Disposición adicional única

O Goberno aprobará as modificacións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento da presente Lei no prazo de tres meses dende a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición Final Primeira

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOE.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI PARA GARANTIR QUE O PAPEL DE GALIZA COMO PRODUTORA DE ENERXÍA ELÉCTRICA E LÍDER EN RENOVABLES CONTRIBÚA AO SEU DESENVOLVEMENTO SOCIAL E ECONÓMICO

-Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo: Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2024 12:26:52



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei **Pleno**.

Exposición de motivos

Na actualidade, na nosa comunidade autónoma existen máis de 413 mil hectáreas de superficie de frondosas autóctonas –segundo o *4º Inventario Forestal Nacional* para Galicia–. Estas especies de alto valor, como son o castiñeiro, carballo, nogueira, cerdeira, pradairo, freixo ou chopo, son as formacións boscosas máis representativas de Galicia.

Estes ecosistemas favorecen a diversidade da vida silvestre e da fauna cinexética, especialmente en paisaxes de mosaico. Así mesmo, a composición química foliar, presenta unha maior humidade e profundidade edáfica, factores que inflúen na capacidade de ignición e propagación na loita contra os incendios forestais.

Nesta liña, cómpre sinalar que os montes deste tipo de formacións son moi diversos na súa orixe e composición, e o seu principal beneficio económico dirixiuse tradicionalmente á obtención de leña, conformando uns fustes demoucados, debido á reiteración de podas. No seu aproveitamento, en moitos casos intenso, susténtase a necesidade de axudar aos silvicultores galegos á promoción destas frondosas.

Neste eido, cobran gran importancia as convocatorias de axudas públicas en materia de valorización de masas de frondosas caducifolias mediante tratamentos silvícolas ou pola rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiro. Ao respecto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia centramos o tiro na importancia que posúe a nova convocatoria da Consellería do Medio Rural en axudas para a mellora da xestión activa



destas masas consolidadas, cuxo orzamento supera os 680.000 euros. Liña que, en adición, estará vixente ata o próximo 30 de xuño de 2025.

A estes efectos, cremos que é preciso continuar por este camiño, coa intención de fomentar, de xeito máis decidido, se cabe, a xestión activa das frondosas autóctonas existentes, incluso a plantación destas especies. Neste sentido, a Xunta de Galicia ven de expoñer a Estratexia o fomento da xestión activa das masas de frondosas para a súa execución no período 2024-2040, no marco dos obxectivos da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”.

Sen lugar a dúbidas, dende o grupo popular consideramos que este é o camiño axeitado para fomentar a xestión activa dos bosques de frondosas, a través do incremento das superficies con silvicultura específica para estas especies, aplicación de modelos silvícolas propios, e o incentivo para especies de frondosas con alto valor que favorezan o crecemento destas masas e a obtención de madeira de calidade.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar apoiando ao sector forestal, en especial, aos silvicultores da nosa comunidade en favor do fomento decisivo das frondosas autóctonas de Galicia. Así mesmo, avanzar e dar continuidade aos traballos que se veñen desenvolvendo na mellora xenética e materiais forestais de reprodución, buscando o incremento do crecemento e a mellora da calidade das nosas especies forestais.”

Santiago de Compostela, 1 de abril 2024.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 12:03:16

Elena Candia López na data 01/04/2024 12:03:47

Silvestre Balseiros Guinarte na data 01/04/2024 12:04:37

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:04:45

José Mato Díaz na data 01/04/2024 12:04:58

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 12:05:31

José Manuel Balseiro Orol na data 01/04/2024 12:05:48

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:06:02

Antonio Rodríguez Miranda na data 01/04/2024 12:06:26

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 12:06:39



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Pleno**.

Exposición de motivos

Nos últimos meses, asistimos á posta en práctica de sendos convenios entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería do Medio Rural, e das deputacións provinciais de Ourense e Pontevedra, en relación coa sinatura dun protocolo anual de colaboración para a prevención e defensa fronte os incendios forestais. Soubemos que a dotación económica acada os 4,4 millóns de euros.

Neste respecto, segundo se deriva da firma destes convenios de colaboración –como doutros tantos que foron asinados nos últimos anos, en particular, coa Deputación de Ourense, sendo esta entidade a única provincial das catro galegas que se implicou nestas tarefas ata datas recentes, nas que se incorporou tamén a Deputación de Pontevedra, o obxecto final é a cooperación na loita contra o lume, co desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal.

Ámbolos dous convenios permanecerán vixentes ata o vindeiro día 31 de decembro de 2024, podendo ser prorrogados. Así mesmo, neste período de tempo asúmese a posta en práctica de certas actuacións tales como a adquisición de maquinaria para a prevención e a defensa contra os incendios forestais (tractores rozadoiras, maquinaria motoniveladora, máquinas multifunción), a cesión de maquinaria titularidade das deputacións, a formación especializada do persoal dos concellos no uso de maquinaria de prevención a través do *Centro integral de loita contra o lume*, situado na localidade ourensá de Toén, entre outras.

Cómpre sinalar que, no caso ourensá, desenvolveranse catro programas piloto para o establecemento de 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



de seis meses en catro mancomunidades da provincia. Non podemos esquecer que se trata dunha das provincias máis afectadas polos incendios forestais; por este motivo, este convenio de colaboración conta cunha dotación económica superior, acadando os 3,8 millóns de euros aportados a razón de 1,3 millóns de euros pola Deputación e 2,5 millóns de euros pola Consellería.

Así mesmo, o acordo máis recente coa Deputación ourensá permitiu formalizar, en novembro de 2023, a entrega de nova maquinaria destinada á prevención de incendios a 13 concellos da provincia, como resultado dunha colaboración interadministrativa, dotada cun investimento que roldou, entre ambas partes, os 1,3 millóns de euros. Con esta entrega, un total de 26 concellos ourensáns foron beneficiados por esta cooperación desde o ano 2019, é dicir, case un terzo dos de toda a provincia.

Neste respecto, as entidades locais teñen atribuídas competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil, prevención e extinción de incendios e conservación de camiños e vías rurais, segundo o disposto nas leis de administración local de Galicia e reguladora das bases de réxime local. Así, de acordo co previsto nesta última, correspóndelle á provincia asegurar a prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal. Neste contexto, é competencia das deputacións provinciais a cooperación e o fomento do desenvolvemento económico e social e a planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

En particular, en materia de incendios forestais, correspóndelle adoptar as medidas de prevención en terreos da súa titularidade, colaborar co medios dispoñibles coa dirección técnica de extinción de incendios forestais, así como executar as obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións idóneas para evitar os incendios forestais.

Por outra banda, a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece as distancias mínimas de roza e as zonas de seguridade respecto das casas illadas e de núcleos de poboación e das redes primarias de faixas de xestión de biomasa e de seguridade libres de matogueira –infraestruturas de prevención e defensa–. Así mesmo establece, respecto das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa (as máis próximas ás vivendas), que teñen un ámbito municipal e posúen función prioritaria de protección de núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Esta norma autonómica sobre prevención de incendios tamén establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Neste contexto, sería lóxico pensar que as deputacións provinciais, sexa cal sexa a circunstancia na que se atopen, apoien estes fundamentos coa posta en marcha dunha colaboración igual ou similar á detallada por parte das deputacións de Ourense e Pontevedra. Non obstante, por parte das restantes institucións segue a producirse un desleixo das súas responsabilidades.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a motivar e requirir de forma decidida a colaboración en materia de loita contra incendios forestais respecto da totalidade das deputacións provinciais galegas, en particular, daquelas que aínda non exerceron a súa responsabilidade nesta materia”.

Santiago de Compostela, 1 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 12:29:07

Elena Candia López na data 01/04/2024 12:29:50

Silvestre Balseiros Guinarte na data 01/04/2024 12:30:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:30:12

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 12:30:27

José Manuel Balseiro Orol na data 01/04/2024 12:30:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:31:09

José Mato Díaz na data 01/04/2024 12:31:25

Antonio Rodríguez Miranda na data 01/04/2024 12:31:44

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 12:31:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

En xaneiro deste ano, o Goberno galego presentou alegacións contra os recortes que establece nas súas últimas resolucións a Secretaría Xeral de Pesca (SXP) polas que ordena as pesquerías do abadexo e das raías.

Estas decisións do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación trasladan os recortes das cotas de capturas que para estas especies se decidiron no pasado Consello de Ministros de Pesca da UE, polo que desde a Consellería do Mar elévanse argumentos para tratar de limitar o impacto na frota galega.

No caso do abadexo, sinálase que a xa baixa cota inicial de 70.000 quilos establecida para 2024 e 2025 para a zona 8C vese reducida polo rebasamento do ano pasado a so 55.765 quilos.

Alégase, sen embargo, que a Secretaría General de Pesca establece na resolución que en base á evolución dos consumos se podería engadir a porcentaxe que se determine da cota de España de zonas como a 9A, respectando as necesidades da frota autorizada nesas zonas.

O ano pasado sobrarian nese zona 20.000 quilos, e tralo recorte do 53% para este ano, a 93.000 quilos, as posibilidades de capturas quedan nos 113.800.

Tamén se alega ao proxecto de resolución da Secretaría General de Pesca porque marca que os topes de captura serán de aplicación desde a data de publicación da mesma ata a entrada en vigor da de 2025, cando o oportuno tería sido facelo con aplicación desde o 1 de xaneiro de 2024.

No caso da raia, as alegacións parten da cota inicial de 1.724.000 quilos para as zonas 8 e 9 das augas da UE este ano, cunha reserva do 2% para evitar posibles rebasamentos ou para utilizala en intercambios con outros Estados membros.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Dirixirse ao Goberno central para que teña en conta as alegacións presentadas ante as resolucións da Secretaría Xeral de Pesca sobre os recortes para as pesquerías do abadexo e da raia”.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 12:51:15

José Manuel Balseiro Orol na data 01/04/2024 12:51:34

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 12:51:49

María Deza Martínez na data 01/04/2024 12:52:03

Patricia García González na data 01/04/2024 12:52:13

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 13:03:22

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 13:03:39

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2024 13:03:56

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 13:04:18

Gonzalo Trenor López na data 01/04/2024 13:04:31





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

A comunidade galega residente en Venezuela foi unha das máis numerosas das que escolleron como destino América Latina, especialmente durante a década dos cincuenta do século XX. Entre 1955 e 1958, unha de cada seis persoas censadas nese país tiña orixe galego. Como resultado disto creáronse múltiples clubs, asociacións e irmandades, entidades galegas que buscan seguir impulsando a cooperación, o apoio mutuo e a persistencia dos lazos culturais, artísticos e de identidade entre Galicia e os seus emigrantes en Venezuela.

Na actualidade a realidade mudou, hoxe os galegos residentes en Venezuela representan un dos principais colectivos de retorno a Galicia, onde están perfectamente integrados. De feito, no últimos catro anos, 2.284 galegos residentes nese país obtiveron axudas para o regreso, a través do programa *Galicia Retorna* impulsado pola Xunta de Galicia.

Probablemente a este cambio de tendencia no fluxo migratorio ten contribuído a situación actual de Venezuela, que sofre unha grave crise política e institucional, ademais dun tensionado clima social e unha economía en crecente deterioro. Así por exemplo, a maior parte da poboación padece as consecuencias dunha elevada e cambiante inflación, que afecta transversalmente a todas as necesidades de consumo, incluídas as referentes a produtos básicos; mentres que no ámbito institucional contabilízanse máis de 300 prisioneiros políticos en Venezuela e os partidos da oposición non poden presentar os seus principais candidatos ás eleccións.

Unha das destas persoas represaliadas polo réxime de Nicolás Maduro é Rocío San Miguel, de nacionalidade española, avogada e militante en defensa dos dereitos humanos, foi secuestrada polo réxime e condenada, por motivos políticos, por presunta conspiración contra o presidente da República e o seu réxime. Na actualidade está detida na prisión do Helicoide, penal coñecido polas súas violacións dos dereitos humanos, incluída a tortura.



Ademais o réxime de Maduro suspendeu as actividades da Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos (ACNUDH) tras acusar o seu persoal dun comportamento “colonialista e abusivo” e de fomentar a oposición política, todo iso como consecuencia da condena por parte do comisario das Nacións Unidas da detención de San Miguel.

Tamén teñen a consideración de prisioneiros políticos o xeneral Hernández da Costa que foi trasladado pola forza ao cárcere do Rodeo I; e que a pesar de padecer enfermidades médicas que requiren un tratamento constante, se lle está negando; e catro coordinadores de campaña -Juan Freites, Luis Camacaro, Guillermo López e Emil Brandt- que traballan para a candidata da oposición á presidencia do réxime, María Corina Machado, que foron detidos por motivos políticos e incomunicados.

Lonxe de mellorar esta situación vai na dirección contraria: en xaneiro de 2024, a Asemblea Nacional (non recoñecida) retomou a tramitación dunha lei destinada a restrinxir, penalizar e obstaculizar o traballo das organizacións non gobernamentais, que eran as principais entidades que supervisaban o cumprimento dos dereitos humanos en Venezuela.

Todas estas circunstancias, levaron a que o Parlamento Europeo aprobara, recentemente e con ampla maioría, unha resolución [2024/2618(RSP) de 14 de marzo] esixindo a liberación inmediata da activista hispanovenezolana Rocío San Miguel, a liberación dos presos políticos detidos arbitrariamente e unha serie de pronunciamentos dirixidos a esixir garantías democráticas e de respecto dos dereitos humanos neste país irmán, no que a día de hoxe hai unha ampla comunidade de emigrantes galegos e dos seus descendentes. Resolución que, polo seu alcance e contido, tamén consideramos que debe ser asumida na súa integridade polo Parlamento de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

O Parlamento de Galicia, acorda, como Resolución:

1º Condenar enerxicamente o réxime de Nicolás Maduro polo encarceramento de centos de prisioneiros políticos que se encontran detidos en condicións que vulneran as regras mínimas de Nacións Unidas para o tratamento dos reclusos.

2º Esixir a liberación inmediata e incondicional de todos os prisioneiros políticos e das persoas detidas arbitrariamente en Venezuela, así como o pleno restablecemento dos seus dereitos e liberdades.



3º Instar ao réxime de Nicolás Maduro a que poña fin á súa política de represión e aos seus ataques contra a sociedade civil e a oposición.

4º Instar á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que, en uso da súa competencia exclusiva en materia de relacións internacionais adopte as seguintes medidas:

a) Demandar ás autoridades chilenas a que investiguen exhaustivamente o asasinato de Ronald Ojea, antigo prisioneiro político que escapou do réxime de Nicolás Maduro.

b) Reclamar ao Alto representante da Unión Europea para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade (AR/VP), o español Josep Borrell, a que aumente as sancións ao réxime de Venezuela, incluídos funcionarios de alto nivel, membros das forzas de seguridade, do Tribunal Supremo de Xustiza do réxime e ao propio Nicolás Maduro.

c) Demandar á Corte Penal Internacional a que inclúa as violacións dos dereitos humanos e as detencións arbitrarias en curso na súa investigación sobre os presuntos crimes contra a humanidade do réxime de Nicolás Maduro.

d) Defender e pedir á comunidade internacional que apoie o retorno á democracia en Venezuela, en particular á luz das próximas eleccións, nas que debe permitirse a plena participación da líder da oposición ao réxime, María Corina Machado

e) Demandar ás autoridades venezolanas a que restablezan a Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos (ACNUDH) en Venezuela e garantan o seu acceso ás cárceres, así como o acceso sen trabas aos titulares de mandatos de procedementos especiais das Nacións Unidas.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 10:49:19

Paula Prado del Río na data 01/04/2024 10:49:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 10:51:26

Antonio Rodríguez Miranda na data 01/04/2024 10:51:33

Martina Aneiros Barros na data 01/04/2024 10:52:36

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 10:54:55

José Mato Díaz na data 01/04/2024 10:57:32

Victoria Núñez López na data 01/04/2024 11:06:25

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 11:06:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Elena Candía López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Pleno**.

A comarca da Limia é unha potencia agropecuaria da nosa comunidade, polo que a modernización do seu regadío vai máis aló da necesidade inquebrantable da sustentabilidade da actividade levada a cabo alí. A súa adecuación ao futuro do sector primario debe estar enmarcada nunha pretensión de potenciar tanto o desenvolvemento socioeconómico da zona como o sector agrario dos concellos que a conforman.

O compromiso adquirido polo Goberno galego permitiu dar continuidade a aposta a prol da optimización do regadío da comarca da Limia e, en particular, de catro comunidades de regantes –San Salvador de Sabucedo, Lamas-Ganade, Corno do Monte e Alta Limia–, principais beneficiarias da construción de 40 pozos para a captación de augas subterráneas (falamos de 2.576 hectáreas que beneficiarán a 1.822 agricultores) e da instalación do sistema de bombeo, próximo á súa finalización.

Estas actuacións supuxeron un investimento de 7 millóns de euros de fondos autonómicos e grazas a ditas actuacións este proxecto pode continuar co seu desenvolvemento. Ao mesmo tempo, foi o Goberno galego o que negociou a inclusión do proxecto no programa nacional de modernización do regadío 2021-2027, que segundo datos de Ministerio de Agricultura, conta cun investimento global superior aos 2.340 millóns de euros e pretende actuar en arredor de 700.000 hectáreas. Desta cantidade, o que se destina ao proxecto da Limia, 35 millóns de euros, so representa un 1,5%. No convenio firmado coa comunidade de regantes o goberno central asume o financiamento do 80% do investimento, 28 millóns de euros, e os regantes asumen o 20% restante , 7 millóns, ademais da totalidade do IVE da actuación que non ten carácter deducible. É dicir, os regantes soportan o 41% do coste total.



O Grupo Parlamentario Popular de Galicia está ao carón dos nosos produtores e regantes e por iso reivindicamos melloras que redunden no beneficio dos produtores desta comarca solicitando ao Goberno central un esforzo adicional que se traduza en novos investimentos para a mellora do regadío e que isto non supoña sobrecustes para os nosos veciños que se podan evitar.

Valoramos moi positivamente o esforzo orzamentario que se está a facer na Comarca por parte do Ministerio de Agricultura, pero pretendemos un compromiso adicional respecto de asumir a financiación do 80% do IVE, ou que se promova un cambio normativo para que non se repercuta o IVE ós regantes. Ao tempo propoñemos que se revise o esquema de financiamento do convenio para evitar que os regantes teñan que avalar o montante total do seu investimento, o que suporá uns sobrecustos financeiros de preto de 2 millóns de euros.

En adición, demandamos tamén a Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense que colaboren nese esforzo adicional en apoio aos regantes, sufragando o 20% do IVE da actuación.

A estes efectos, desde o Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, cremos que este esforzo adicional por parte das Administracións públicas posibilitarán unha agricultura máis sostible e respectuosa co medio ambiente ao tempo que mellorarán a calidade de vida dos agricultores.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de Lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a:

Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que promova un cambio legislativo que permita non repercutir o IVE non deducible aos regantes e no caso de que este non fora posible, asumir a financiación do 80% de dito IVE.

Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que revise o esquema de financiamento do convenio para evitar que os regantes teñan que avalar o montante total do seu investimento.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Instar á Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense a que asuman a financiación do 20% do IVE da actuación, no caso de que non se acade o cambio legislativo que permita a súa non repercusión.”

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 13:53:32

Elena Candia López na data 01/04/2024 13:54:08

Silvestre Balseiros Guinarte na data 01/04/2024 13:55:41

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 13:56:19

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 13:56:35

José Manuel Balseiro Orol na data 01/04/2024 13:56:52

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 13:57:17

José Mato Díaz na data 01/04/2024 13:57:30

Antonio Rodríguez Miranda na data 01/04/2024 13:57:45

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 13:57:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

En febreiro deste ano, o Goberno galego presentou ante a Secretaría Xeral de Pesca (SXP) do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un escrito no que demanda ao Goberno central a eliminación dos totais admisibles de capturas (TAC) sobre especies accesorias dado que non existen informes científicos concluíntes sobre o estado real destes recursos pesqueiros en varios caladoiros comunitarios. Unha medida, en todo caso, que supedita á adopción de medidas técnicas de xestión sobre estas especies.

O documento menciona especificamente a situación do abadexo -en augas do Gran Sol, Cantábrico, Noroeste, e augas de Escocia-, o linguado e o merlán -nas augas do Cantábrico, Noroeste e Francia-, a maruca – en augas internacionais-, e a solla -en augas do Cantábrico, Noroeste e Portugal.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Dirixirse ao Goberno central para que realice as xestións necesarias ante a Comisión Europea para a eliminación dos totais admisibles de capturas (TAC) sobre especies accesorias dado que non existen informes científicos concluíntes sobre o estado real destes recursos pesqueiros en varios caladoiros comunitarios”.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 14:06:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Manuel Balseiro Orol na data 01/04/2024 14:07:06

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 14:07:26

María Deza Martínez na data 01/04/2024 14:07:41

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 14:07:52

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 14:08:04

Patricia García González na data 01/04/2024 14:08:16

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 14:08:33

Gonzalo Trenor López na data 01/04/2024 14:08:47

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2024 14:09:00



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

Na actualidade, na nosa comunidade autónoma existen máis de 413 mil hectáreas de superficie de frondosas autóctonas –segundo o *4º Inventario Forestal Nacional* para Galicia–. Estas especies de alto valor, como son o castiñeiro, carballo, nogueira, cerdeira, pradairo, freixo ou chopo, son as formacións boscosas máis representativas de Galicia.

Estes ecosistemas favorecen a diversidade da vida silvestre e da fauna cinexética, especialmente en paisaxes de mosaico. Así mesmo, a composición química foliar, presenta unha maior humidade e profundidade edáfica, factores que inflúen na capacidade de ignición e propagación na loita contra os incendios forestais.

Nesta liña, cómpre sinalar que os montes deste tipo de formacións son moi diversos na súa orixe e composición, e o seu principal beneficio económico dirixiuse tradicionalmente á obtención de leña, conformando uns fustes demoucados, debido á reiteración de podas. No seu aproveitamento, en moitos casos intenso, susténtase a necesidade de axudar aos silvicultores galegos á promoción destas frondosas.

Neste eido, cobran gran importancia as convocatorias de axudas públicas en materia de valorización de masas de frondosas caducifolias mediante tratamentos silvícolas ou pola rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiro. Ao respecto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia centramos o tiro na importancia que posúe a nova convocatoria da Consellería do Medio Rural en axudas para a mellora da xestión activa





destas masas consolidadas, cuxo orzamento supera os 680.000 euros. Liña que, en adición, estará vixente ata o próximo 30 de xuño de 2025.

A estes efecto, cremos que é preciso continuar por este camiño, coa intención de fomentar, de xeito máis decidido, se cabe, a xestión activa das frondosas autóctonas existentes, incluso a plantación destas especies. Neste sentido, a Xunta de Galicia ven de expoñer a Estratexia o fomento da xestión activa das masas de frondosas para a súa execución no período 2024-2040, no marco dos obxectivos da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”.

Sen lugar a dúbidas, dende o grupo popular consideramos que este é o camiño axeitado para fomentar a xestión activa dos bosques de frondosas, a través do incremento das superficie con silvicultura específica para estas especies, aplicación de modelos silvícolas propios, e o incentivo para especies de frondosas con alto valor que favorezan o crecemento desas masas e a obtención de madeira de calidade.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar apoiando ao sector forestal, en especial, aos silvicultores da nosa comunidade en favor do fomento decisivo das frondosas autóctonas de Galicia. Así mesmo, avanzar e dar continuidade aos traballos que se veñen desenvolvendo na mellora xenética e materiais forestais de reprodución, buscando o incremento do crecemento e a mellora da calidade das nosas especies forestais.”

Santiago de Compostela, 1 de abril 2024.





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 12:00:09

Elena Candia López na data 01/04/2024 12:00:35

Silvestre Balseiros Guinarte na data 01/04/2024 12:00:52

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:01:02

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 12:01:15

José Manuel Balseiro Orol na data 01/04/2024 12:01:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:01:39

José Mato Díaz na data 01/04/2024 12:01:56

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 12:02:11

Antonio Rodríguez Miranda na data 01/04/2024 12:02:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

Nos últimos meses, asistimos á posta en práctica de sendos convenios entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería do Medio Rural, e das deputacións provinciais de Ourense e Pontevedra, en relación coa sinatura dun protocolo anual de colaboración para a prevención e defensa fronte os incendios forestais. Soubemos que a dotación económica acada os 4,4 millóns de euros.

Neste respecto, segundo se deriva da firma destes convenios de colaboración –como doutros tantos que foron asinados nos últimos anos, en particular, coa Deputación de Ourense, sendo esta entidade a única provincial das catro galegas que se implicou nestas tarefas ata datas recentes, nas que se incorporou tamén a Deputación de Pontevedra, o obxecto final é a cooperación na loita contra o lume, co desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal.

Ámbolos dous convenios permanecerán vixentes ata o vindeiro día 31 de decembro de 2024, podendo ser prorrogados. Así mesmo, neste período de tempo asúmese a posta en práctica de certas actuacións tales como a adquisición de maquinaria para a prevención e a defensa contra os incendios forestais (tractores rozadoiras, maquinaria motoniveladora, máquinas multifunción), a cesión de maquinaria titularidade das deputacións, a formación especializada do persoal dos concellos no uso de maquinaria de prevención a través do *Centro integral de loita contra o lume*, situado na localidade ourensá de Toén, entre outras.

Cómpre sinalar que, no caso ourensá, desenvolveranse catro programas piloto para o establecemento de 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período



de seis meses en catro mancomunidades da provincia. Non podemos esquecer que se trata dunha das provincias máis afectadas polos incendios forestais; por este motivo, este convenio de colaboración conta cunha dotación económica superior, acadando os 3,8 millóns de euros aportados a razón de 1,3 millóns de euros pola Deputación e 2,5 millóns de euros pola Consellería.

Así mesmo, o acordo máis recente coa Deputación ourensá permitiu formalizar, en novembro de 2023, a entrega de nova maquinaria destinada á prevención de incendios a 13 concellos da provincia, como resultado dunha colaboración interadministrativa, dotada cun investimento que roldou, entre ambas partes, os 1,3 millóns de euros. Con esta entrega, un total de 26 concellos ourensáns foron beneficiados por esta cooperación desde o ano 2019, é dicir, case un terzo dos de toda a provincia.

Neste respecto, as entidades locais teñen atribuídas competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil, prevención e extinción de incendios e conservación de camiños e vías rurais, segundo o disposto nas leis de administración local de Galicia e reguladora das bases de réxime local. Así, de acordo co previsto nesta última, correspóndelle á provincia asegurar a prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal. Neste contexto, é competencia das deputacións provinciais a cooperación e o fomento do desenvolvemento económico e social e a planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

En particular, en materia de incendios forestais, correspóndelle adoptar as medidas de prevención en terreos da súa titularidade, colaborar co medios dispoñibles coa dirección técnica de extinción de incendios forestais, así como executar as obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións idóneas para evitar os incendios forestais.

Por outra banda, a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece as distancias mínimas de roza e as zonas de seguridade respecto das casas illadas e de núcleos de poboación e das redes primarias de faixas de xestión de biomasa e de seguridade libres de matogueira –infraestruturas de prevención e defensa–. Así mesmo establece, respecto das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa (as máis próximas ás vivendas), que teñen un ámbito municipal e posúen función prioritaria de protección de núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Esta norma autonómica sobre prevención de incendios tamén establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Neste contexto, sería lóxico pensar que as deputacións provinciais, sexa cal sexa a circunstancia na que se atopen, apoien estes fundamentos coa posta en marcha dunha colaboración igual ou similar á detallada por parte das deputacións de Ourense e Pontevedra. Non obstante, por parte das restantes institucións segue a producirse un desleixo das súas responsabilidades.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a motivar e requirir de forma decidida a colaboración en materia de loita contra incendios forestais respecto da totalidade das deputacións provinciais galegas, en particular, daquelas que aínda non exerceron a súa responsabilidade nesta materia”.

Santiago de Compostela, 1 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 12:32:54

Elena Candia López na data 01/04/2024 12:33:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Silvestre Balseiros Guinarte na data 01/04/2024 12:33:31

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:33:42

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 12:33:58

José Manuel Balseiro Orol na data 01/04/2024 12:34:12

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:34:29

José Mato Díaz na data 01/04/2024 12:34:47

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 12:35:05

Antonio Rodríguez Miranda na data 01/04/2024 12:35:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión; 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

En xaneiro deste ano, o Goberno galego presentou alegacións contra os recortes que establece nas súas últimas resolucións a Secretaría Xeral de Pesca (SXP) polas que ordena as pesquerías do abadexo e das raias.

Estas decisións do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación trasladan os recortes das cotas de capturas que para estas especies se decidiron no pasado Consello de Ministros de Pesca da UE, polo que desde a Consellería do Mar elévanse argumentos para tratar de limitar o impacto na frota galega.

No caso do abadexo, sinálase que a xa baixa cota inicial de 70.000 quilos establecida para 2024 e 2025 para a zona 8C vese reducida polo rebasamento do ano pasado a so 55.765 quilos.

Alégase, sen embargo, que a Secretaría General de Pesca establece na resolución que en base á evolución dos consumos se podería engadir a porcentaxe que se determine da cota de España de zonas como a 9A, respectando as necesidades da frota autorizada nesas zonas.

O ano pasado sobrarian nese zona 20.000 quilos, e tralo recorte do 53% para este ano, a 93.000 quilos, as posibilidades de capturas quedan nos 113.800.

Tamén se alega ao proxecto de resolución da Secretaría General de Pesca porque marca que os topes de captura serán de aplicación desde a data de publicación da mesma ata a entrada en vigor da de 2025, cando o oportuno tería sido facelo con aplicación desde o 1 de xaneiro de 2024.

No caso da raia, as alegacións parten da cota inicial de 1.724.000 quilos para as zonas 8 e 9 das augas da UE este ano, cunha reserva do 2% para evitar posibles rebasamentos ou para utilizala en intercambios con outros Estados membros.



Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Dirixirse ao Goberno central para que teña en conta as alegacións presentadas ante as resolucións da Secretaría Xeral de Pesca sobre os recortes para as pesquerías do abadexo e da raia”.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 13:05:03

José Manuel Balseiro Orol na data 01/04/2024 13:05:24

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 13:05:39

María Deza Martínez na data 01/04/2024 13:05:50

Patricia García González na data 01/04/2024 13:06:06

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 13:06:45

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 13:06:55

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 13:07:08

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2024 13:07:18

Gonzalo Trenor López na data 01/04/2024 13:07:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Exposición de Motivos

A comunidade galega residente en Venezuela foi unha das máis numerosas das que escolleron como destino América Latina, especialmente durante a década dos cincuenta do século XX. Entre 1955 e 1958, unha de cada seis persoas censadas nese país tiña orixe galego. Como resultado disto creáronse múltiples clubs, asociacións e irmandades, entidades galegas que buscan seguir impulsando a cooperación, o apoio mutuo e a persistencia dos lazos culturais, artísticos e de identidade entre Galicia e os seus emigrantes en Venezuela.

Na actualidade a realidade mudou, hoxe os galegos residentes en Venezuela representan un dos principais colectivos de retorno a Galicia, onde están perfectamente integrados. De feito, no últimos catro anos, 2.284 galegos residentes nese país obtiveron axudas para o regreso, a través do programa *Galicia Retorna* impulsado pola Xunta de Galicia.

Probablemente a este cambio de tendencia no fluxo migratorio ten contribuído a situación actual de Venezuela, que sofre unha grave crise política e institucional, ademais dun tensionado clima social e unha economía en crecente deterioro. Así por exemplo, a maior parte da poboación padece as consecuencias dunha elevada e cambiante inflación, que afecta transversalmente a todas as necesidades de consumo, incluídas as referentes a produtos básicos; mentres que no ámbito institucional contabilízanse máis de 300 prisioneiros políticos en Venezuela e os partidos da oposición non poden presentar os seus principais candidatos ás eleccións.

Unha das destas persoas represaliadas polo réxime de Nicolás Maduro é Rocío San Miguel, de nacionalidade española, avogada e militante en defensa dos dereitos humanos, foi secuestrada polo réxime e condenada, por motivos políticos, por presunta conspiración contra o presidente da República e o seu réxime. Na actualidade está detida na prisión do Helicoide, penal coñecido polas súas violacións dos dereitos humanos, incluída a tortura.



Ademais o réxime de Maduro suspendeu as actividades da Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos (ACNUDH) tras acusar o seu persoal dun comportamento “colonialista e abusivo” e de fomentar a oposición política, todo iso como consecuencia da condena por parte do comisario das Nacións Unidas da detención de San Miguel.

Tamén teñen a consideración de prisioneiros políticos o xeneral Hernández da Costa que foi trasladado pola forza ao cárcere do Rodeo I; e que a pesar de padecer enfermidades médicas que requiren un tratamento constante, se lle está negando; e catro coordinadores de campaña -Juan Freites, Luis Camacaro, Guillermo López e Emil Brandt- que traballan para a candidata da oposición á presidencia do réxime, María Corina Machado, que foron detidos por motivos políticos e incomunicados.

Lonxe de mellorar esta situación vai na dirección contraria: en xaneiro de 2024, a Asemblea Nacional (non recoñecida) retomou a tramitación dunha lei destinada a restrinxir, penalizar e obstaculizar o traballo das organizacións non gobernamentais, que eran as principais entidades que supervisaban o cumprimento dos dereitos humanos en Venezuela.

Todas estas circunstancias, levaron a que o Parlamento Europeo aprobara, recentemente e con ampla maioría, unha resolución [2024/2618(RSP) de 14 de marzo] esixindo a liberación inmediata da activista hispanovenezolana Rocío San Miguel, a liberación dos presos políticos detidos arbitrariamente e unha serie de pronunciamentos dirixidos a esixir garantías democráticas e de respecto dos dereitos humanos neste país irmán, no que a día de hoxe hai unha ampla comunidade de emigrantes galegos e dos seus descendentes. Resolución que, polo seu alcance e contido, tamén consideramos que debe ser asumida na súa integridade polo Parlamento de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

O Parlamento de Galicia, acorda, como Resolución:

1º Condenar enerxicamente o réxime de Nicolás Maduro polo encarceramento de centos de prisioneiros políticos que se encontran detidos en condicións que vulneran as regras mínimas de Nacións Unidas para o tratamento dos reclusos.

2º Esixir a liberación inmediata e incondicional de todos os prisioneiros políticos e das persoas detidas arbitrariamente en Venezuela, así como o pleno restablecemento dos seus dereitos e liberdades.



3º Instar ao réxime de Nicolás Maduro a que poña fin á súa política de represión e aos seus ataques contra a sociedade civil e a oposición.

4º Instar á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que, en uso da súa competencia exclusiva en materia de relacións internacionais adopte as seguintes medidas:

a) Demandar ás autoridades chilenas a que investiguen exhaustivamente o asasinato de Ronald Ojea, antigo prisioneiro político que escapou do réxime de Nicolás Maduro.

b) Reclamar ao Alto representante da Unión Europea para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade (AR/VP), o español Josep Borrell, a que aumente as sancións ao réxime de Venezuela, incluídos funcionarios de alto nivel, membros das forzas de seguridade, do Tribunal Supremo de Xustiza do réxime e ao propio Nicolás Maduro.

c) Demandar á Corte Penal Internacional a que inclúa as violacións dos dereitos humanos e as detencións arbitrarias en curso na súa investigación sobre os presuntos crimes contra a humanidade do réxime de Nicolás Maduro.

d) Defender e pedir á comunidade internacional que apoie o retorno á democracia en Venezuela, en particular á luz das próximas eleccións, nas que debe permitirse a plena participación da líder da oposición ao réxime, María Corina Machado

e) Demandar ás autoridades venezolanas a que restablezan a Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos (ACNUDH) en Venezuela e garantan o seu acceso ás cárceres, así como o acceso sen trabas aos titulares de mandatos de procedementos especiais das Nacións Unidas.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 11:10:41

Paula Prado del Río na data 01/04/2024 11:11:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 11:11:58

Antonio Rodríguez Miranda na data 01/04/2024 11:12:24

Martina Aneiros Barros na data 01/04/2024 11:12:44

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 11:13:29

José Mato Díaz na data 01/04/2024 11:13:41

Victoria Núñez López na data 01/04/2024 11:13:59

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 11:15:00



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Elena Candía López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A comarca da Limia é unha potencia agropecuaria da nosa comunidade, polo que a modernización do seu regadío vai máis aló da necesidade inquebrantable da sustentabilidade da actividade levada a cabo alí. A súa adecuación ao futuro do sector primario debe estar enmarcada nunha pretensión de potenciar tanto o desenvolvemento socioeconómico da zona como o sector agrario dos concellos que a conforman.

O compromiso adquirido polo Goberno galego permitiu dar continuidade a aposta a prol da optimización do regadío da comarca da Limia e, en particular, de catro comunidades de regantes –San Salvador de Sabucedo, Lamas-Ganade, Corno do Monte e Alta Limia–, principais beneficiarias da construción de 40 pozos para a captación de augas subterráneas (falamos de 2.576 hectáreas que beneficiarán a 1.822 agricultores) e da instalación do sistema de bombeo, próximo á súa finalización.

